

*BarbantiaRte*

ARTE BARBANTIA VII

*Barbantia* *Rte*

*Descúbrenos, atoparás cousas maravillosas*

**Datas:** do **20 de marzo** ao **20 de maio** de **2020**  
**Horario:** martes a sábado: de 9:30 a 16:00 h, festivos: de 10:00 a 13:00 h  
domingos e luns: pechado  
**Lugar:** Salas 0 e 1 Museo do Gravado

Edita:

**A. C. Barbantia**

Colabora:

**Concello de Ribeira**

Imprime:

**Gráficas Garabal**

D.L.:

**C 397-2020**

I.S.B.N.:

**978-84-09-04736-9**


**Asociación Cultural Barbantia**

Centro Social . Rúa Principal, nº 77 - 4º andar

15930 Boiro . Tlf: 981 842 635

[www.barbantia.org](http://www.barbantia.org) . [www.barbantia.es](http://www.barbantia.es)

[www.barbantia.gal](http://www.barbantia.gal)

 @barbantia  Asociación Cultural Barbantia

**Fundación Museo de Artes**

Artes - Lugar de Outeiro s/n 15969 · Ribeira - A Coruña

Tel.: 981 871 342

[fundartes@gmail.com](mailto:fundartes@gmail.com) . [www.facebook.com/museodeartes](http://www.facebook.com/museodeartes)

[www.riveira.es/museodeartes](http://www.riveira.es/museodeartes)

Rexer os destinos dun museo coma o do Gravado á Estampa Dixital de Artes é motivo de dobre satisfacción. Por unha parte, ser quen de continuar coa encomiable tarefa do seu fundador, Javier Expósito; pola outra, potenciar e acrecentar na medida do posible dende o Concello de Ribeira –unha vez asinado o comodato de cesión–, o labor divulgativo, creativo, pedagóxico, de edición e reedición de catálogos e libros, e de recoñecemento da excelencia creativa no mundo das artes plásticas, como son os premios Atlante, mundialmente recoñecidos, en vigor dende o 2009. Neste labor de expansión da actividade, prácame subliñar o incremento nas cesións de fondos artísticos propios a outros museos nacionais e doutros países, como son Salamanca, Portugal ou os EUA.

Rematadas as obras de climatización e mellora do edificio, podemos ademais centrarnos na consolidación da importante Biblioteca Ilustrada, con máis de dous mil volumes na actualidade, e crecendo.

Con todo, hoxe retomamos esta actividade centrada nas artes gráficas do Barbanza que, con carácter bianual, é capaz de xuntar preto dun cento de artistas, creadores e creadoras, das máis variadas artes plásticas: pintura, escultura, gravado, deseño, esmalte, performance, vídeo-arte, fotografía, etc. Falamos, claro está, da **sétima edición de BarbantiaRte**, de forte aceptación xeral e xa produto consolidado. Todo un orgullo para este Alcalde, por representar o mellor do poder creativo das nosas xentes, rebosantes de talento, enxeño e imaxinación creativa.

Un museo único, con fondos que van dende o século XV ata a actualidade, que centra o seu obxectivo na colección, catalogación, estudo e difusión da arte que atesoura, e con autores da importancia de Goya, Rubens, Van Dyck, Toulouse-Lautrec, Saura, Dalí, Alberti, Picasso, etc., así como gravadores galegos: Costa, Ayaso, Novoa, Seoane... E, como ben dicía o noso Conselleiro, *"todo un referente na divulgación artística, tanto na comarca como a nivel internacional"*.

Que así siga sendo!

Manuel Ruíz Rivas  
*Alcalde de Ribeira*

*"Máis alá", porque así titulaba o seu manifesto Manuel Antonio e remataba o seu texto X. Pastor Rodríguez.*

Máis alá da escrita que vai dende a *A Voz de Barbantia* ao *Anuario* ou ao día a día de *Cafebarbantia*.

Máis alá da música que acostuma acompañarnos ou da Romaría das Letras. Máis alá dos premios á traxectoria e iniciativa no Barbanza e cultura galega. Máis alá das múltiples actividades que enchen a península de cultura.

Máis alá, a A.C. Barbantia organiza BARBANTIARTE: unha mostra colectiva de artistas na que participan todos e todas en pé de igualdade, sen selección, porque ser do Barbanza ten premio.

Aquí están. Dun recuncho á outro da península, dunha manifestación artística á outra, dun artista que comeza o seu percorrido a outra que vén de volta ou acaba de recoller o premio da Cultura Galega de Artes Plásticas. No Barbanza abundan, incluso as peculiaridades: varios irmáns pintores, parellas que reúnen os seus nomes para poñerse título ou pai e fillo compartindo catálogo.

Son artistas que traballan sobre distintos soportes e materiais diversos, máis antigos ou máis contemporáneos, con licenciaturas en Belas Artes ou autodidactas. Obras que van dende a figuración á abstracción, do obxecto atopado á instalación, da pintura á escultura, da fotografía ao gravado, da *performance* ao vídeo ou perruquería.

Aquí están, mostrando a arte que se está a facer neste recuncho do universo, mostrando os seus imaxinarios e revelando as súas miradas. Aquí os están, falando sen palabras... de arte.

Ela, a arte, é tan vulnerable que se move entre a inutilidade e o imprescindible. Aproxímanos a esa parte de nós aínda prerracional que nos fala do inconsciente colectivo, dos garabatos que facemos sen saber que significan, dos petróglifos que veñen desde o principio dos tempos ou esa imaxe que nos desacouga pero é precisa ao espírito para volver ao profundo. A arte é unha revelación que sucede ou non, dependendo da obra e de quen a observa. É a maxia que aparece, entre o cotián, sorprendéndonos; esa necesidade de conexión co complexo, con esa parte que non conseguimos entender pero está aí, cargada co desamparo dos seres que nos sabemos mortais. Ela, a arte, conéctanos con todo iso, e tamén, coa beleza que nos acouga e pacífica, coa fermosura que nos pon a ben co mundo e a vida. As artistas e os artistas buscan esa transcendencia aínda dende o xogo ou o divertimento.

Agora, no Museo do Gravado de Artes, rodeados polas obras de BARBANTIARTE, permítete que, como auga mansa vos mollen coa súa sensibilidade.

Estades no lugar!

# BarbantiaRte VII

## *As artes en Artes*

A colaboración do **Museo do Gravado**, situado na parroquia de San Xián de Artes (Ribeira), e a **Asociación Cultural Barbantia** trae de novo á actualidade unha mostra, outra máis, da vizosidade da nosa vida cultural e artística: a sétima edición de **BarbantiaRte**, unha iniciativa que pretende achegarnos ás artes plásticas da nosa bisbarra, amosar un "estado da cuestión" do traballo que están a realizar as e os artistas, unha xanela á creatividade para que nos aprendan o gozo, a reflexión, a crítica, a outra mirada ao mundo. Pintores, escultores, fotógrafos, artistas do deseño, da performance, da vídeo arte, do gravado... Todos para o disfrute da nosa contemplación, mais non para un mirar pasivo senón para unha ollada sempre imaxinativa e tamén creadora. Camiños, vieiros, carreiros, uns máis estreitos, outros máis doados, para nos achegarmos doutro xeito á Arte (con maiúsculas), sen certezas previas, sen dogmatismos, a fin de ser quen de admirarmos a pluralidade da beleza que, en pleno posmodernismo, amosa unha intensa e inmensa pluralidade creativa.

Este camiño de BarbantiaRte leva xa feito un longo traxecto, pero ao que inda non lle albiscamos a fin, ou iso agardamos, porque a arte en conxunto, como a vida, non se detén, como tampouco o desexo e a necesidade perentoria de crear. Por esta razón, o Museo do Gravado, un museo no mundo rural, aparentemente tan esquecido, abre as súas portas aos artistas, sen prexuízos, en total liberdade; e tamén a todos nós, para que fagamos xuntos unha reflexión e unha festa dos sentidos e da intelixencia creadora. Quizais nunca unha colaboración foi máis produtiva, máis aberta, máis eficaz. Por iso o Museo do Gravado e Barbantia continúan con esta tarefa xuntos, polo ben das distintas artes e polo de Barbanza. Sempre máis alá!

Benvidas, benvidos, á festa das artes.

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría  
*Director*  
Museo do Gravado

María del Carmen Alonso Polledo | Jontxu Argibay | Teresa Argibay | Arte GuiGlo | Manuel Ayaso  
| Carlos José Barbieri | Manoel Bonabal | Francisco Manuel Calo Lustres | Ana Cambeiro |  
Luís Campos | Yolanda Carbajales | María Cristina Carou Mayo | María Carril | Paco Casal |  
Pol Cobas | Joaquín Cortés | Pío Costa Beiro | Xerardo Crusat | Ricardo Dávila | Juancho Dosil  
| María José Fernández García [Pitusa] | Josías Figueirido | Santiago Gabán Granizo |  
Paola García Paz | Xulio Gil | Aurora González Pombo | Marta Iglesias | Amparo Fernández -La Pelu  
| Fran Lareo | Manuel López Rodríguez | Aida López | Irene Lourido Regueira | Mecky Maceiras  
| María Magán | Esperanza Mara | Pepa Mariño | Vanesa Mariño | Pepa Merino |  
Mercedes Molaes Cabana | Esther Molinero | Mónica Paula Montero | Elia Núñez | Paula Olveira  
| Alberte Pagán | Marian Paredes Villaronga | María José Paz Franco [Maralla] | Soledad Penalta |  
Maximino Pérez Abuín | Antonio Pérez | Daniel Piñeiro | Luís Polo | María José Puente Vázquez |  
Montse Queiruga | Ester Rincón-Benzalá | Ricardo Rincón-Benzalá | Mónica Rivas | Pitusa Rivas  
| Belén Rodríguez Pazo | Pastor Rodríguez | Manuel Rodríguez Varela | Nerea Rogido |  
Manuel Romero | Carmen Sampedro | Olegario Sampedro | Marijo Sampedro Arnosó | Delio Sánchez  
| Darío Santarelli | Xohán Santos | Inés Silvalde | Isabel Soler Rivas | Abelardo Soler | SonAgasallo  
| Che Tembra | Manuel Teira | Julián Veiras Galisson | José Luís Veiras Manteiga | Toño Vila |  
Laura Vilasó | Manuel Vilaverde | Pura Villar | Vyana DL

OBRAS



## Alberte Pagán

75 velhas fotografías topadas no mercado de Hietalahti de Helsinki. 83 rostos anónimos que nos olham, às vezes de esguelho, desde há mais dum século. Quem é esta gente encontrada nas ruas de Helsinki? É gente fina fotografada polos profesionais de Suécia, a antiga potência ocupante? Som cidadáns suecos enviados a colonizar o território finês? Está Finlândia ausente da equaçom e simplesmente as fotografías cruzárom o mar de Åland por algunha razom que se nos escapa?

Nom pode haver interpretaçom destas vidas congeladas no papel. Só o seu tamanho: 6 x 9 centímetros. E o tempo concedido: 7,5 segundos.

Esta instalaçom combina a versom branda de 6 x 9 (fotografias mediadas pola cámara de vídeo, os rostos suavizam-se, o grao baila, a mao treme, os enquadres escoram, os retratos cobram vida; esta é a versom poética, cálida, para o desfrute visual) e a versom dura (feita sem cámara: as fotografías digitalizadas passam directamente à mesa de montage, o que permite maior precisom no enfoque e no enquadre, ainda que a costa dos latejos vitais; esta versom, fria e científica, pode servir como arquivo arqueológico para o estudo da história).

A projecçom a dupla pantalha de 6 x 9, lado a lado, permite umha análise comparativa das versons branda e dura da película. Outra opçom é umha projecçom enfrontada de ambas versons, em cujo caso é o público o que tem que mover-se e girar-se para levar a cabo o estudo comparativo.

**MÁIS INFO** (textos, vídeos e images):

<http://albertepagan.eu/cinema/filmografia/6x9/>

**DESCARGA DOS ARQUIVOS:**

versom branda (esquerda): <https://vimeo.com/358009003>  
(Baixar>Original: 2,197GB)

versom dura (direita): <https://vimeo.com/360235873>  
(Baixar>Original: 2,347GB)



### 6 x 9

Formato vídeo HD

Duraçom: 9m58s (repetida em bucle)

Som: muda

Projecçom: dobre pantalha (dobre projecçom de 6 x 9 [branda] e 6 x 9 [dura], cada umha de formato vertical [ratio 2:3])

*Barbantia* *Rte*

**Datas:** do 20 de marzo ao 20 de maio de 2020

**Horario:** martes a sábado: de 9:30 a 16:00 h, festivos: de 10:00 a 13:00 h  
domingos e luns: pechado

**Lugar:** Salas 0 e 1 do Museo do Gravado



CONCELLO DE RIBEIRA



Deputación  
DA CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA



Asociación Cultural Barbantia  
Centro Social . Rúa Principal, nº 77 - 4º andar  
15930 Boiro . Tlf: 981 842 635  
[www.barbantia.org](http://www.barbantia.org) . [www.barbantia.es](http://www.barbantia.es)  
[www.barbantia.gal](http://www.barbantia.gal)

 @barbantia  Asociación Cultural Barbantia



FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES  
DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL

Artes - Lugar de Outeiro s/n 15969 • Ribeira - A Coruña  
Tel.: 981 871 342  
[fundartes@gmail.com](mailto:fundartes@gmail.com) . [www.facebook.com/museodeartes](http://www.facebook.com/museodeartes)  
[www.riveira.es/museodeartes](http://www.riveira.es/museodeartes)